

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 25-01-2023 16:15 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**Por favor, cubra os seus datos antes de
comezar a responder:**

*Por favor, cubra os seus datos antes de comezar a
responder:*

Nome e apelidos

Nome e apelidos

DNI:

Sinatura:

Firma:

**Exame de obtención do Certificado de Aptitude
Profesional (CAP)**

Mercadorías

25/01/2023

16:15 H

-GALEGO-

MODELO A



**Dele la vuelta al cuaderno
para disponer del examen en
CASTELLANO**

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 25-01-2023 16:15 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

1. As autorizacións de transporte privado complementario de mercadorías identifícanse registralmente coa clave:

- a) MPCE.
- b) MDPE.
- c) MDLE.
- d) VPCE.

2. Cada vez que se realiza un cambio de marcha durante a subida dunha pendente, o camión?

- a) perde potencia e reduce velocidade.
- b) gaña potencia e aumenta velocidade.
- c) perde potencia e aumenta velocidade.
- d) gaña potencia e reduce velocidade.

3. Non é un custo ambiental derivado do transporte:

- a) o consumo de enerxía.
- b) a emisión de gases nocivos á atmosfera.
- c) a contaminación acústica.
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

4. Todo corpo está exposto a diferentes forzas e pares de forzas. Que sucede cando a suma das forzas e os pares de forzas aplicadas a un camión é distinta de cero?

- a) Que o vehículo se move.
- b) Que o vehículo se atopa en repouso
- c) Que a traxectoria do vehículo non é recta.
- d) Que a traxectoria do vehículo é inestable.

5. Como se denomina o vehículo concibido para ser remolcado por un vehículo de motor?

- a) Vehículo articulado.
- b) Remolque.
- c) Tractocamión.
- d) Tren de estrada.

6. Nun camión, o deslizamiento dun pneumático pode darse:

- a) por aceleración unicamente.
- b) por freada unicamente.
- c) por aceleración ou por freada.
- d) en calquera circunstancia.

7. Cando se produce a resistencia á aceleración?

- a) Ao frear o camión, soamente.
- b) Ao acelerar o camión, soamente.
- c) Ao cambiar de marcha.
- d) Ao acelerar ou frear o camión.

8. Dentro dos modos de transporte, cal é o que xera máis emprego?

- a) Ferroviario.
- b) Por estrada.
- c) Aéreo.
- d) Marítimo.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 25-01-2023 16:15 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

9. Cales son as funcións propias dun comercial nunha empresa de transporte de mercadorías por estrada?

- a) Controlar a selección, formación e rendemento do persoal da empresa.
- b) Realizar funcións de planificación, dirección e coordinación.
- c) Elaborar as nóminas.
- d) Realizar o seguimento comercial dos servizos.

10. Desde o punto de vista do seu estatuto xurídico, no transporte de mercadorías pódese considerar como unha clase de empresa:

- a) a sociedade anónima.
- b) a sociedade de responsabilidade limitada.
- c) as sociedades laborais.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

11. A sociedade anónima terá carácter:

- a) civil.
- b) laboral.
- c) mercantil.
- d) mercantil se o seu obxecto social é mercantil e civil, nos demais casos.

12. Que considera a normativa como transporte interior de mercadorías?

- a) O realizado no interior das poboacións de forma exclusiva.
- b) O transporte que non excede os límites dun país.
- c) O realizado dentro do espazo Schengen.
- d) O realizado dentro de Europa.

13. Unha cisterna construída con paredes illantes que permiten limitar os intercambios de calor entre o interior e o exterior é unha cisterna:

- a) calorífica.
- b) isoterma.
- c) frigorífica.
- d) refrixerante.

14. A clasificación dos transportes en viaxeiros e mercadorías é unha clasificación en función de:

- a) o seu ámbito.
- b) o seu obxecto.
- c) a especificidade do seu obxecto e o seu réxime xurídico.
- d) a súa natureza.

15. Que tipo de empresa dificulta máis a formación dos traballadores, pois a súa presenza no posto de traballo é imprescindible?

- a) As grandes empresas.
- b) A empresa individual.
- c) As empresas dedicadas ao transporte internacional.
- d) As empresas de transporte interior.

16. A efectos de obrigacións aduaneiras, cando nos referimos a exportación falamos de:

- a) saída do territorio aduaneiro da Unión Europea de mercadorías da Unión.
- b) saída de mercadorías desde un Estado da Unión Europea con destino a outro Estado membro.
- c) intercambios de mercadorías dentro do territorio aduaneiro da Unión.
- d) intercambios de autorizacións bilaterais entre Estados.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 25-01-2023 16:15 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

17. A sociedade anónima?

- a) debe ter un capital mínimo de 6.000 euros.
- b) fórmana accionistas con responsabilidade limitada.
- c) debe inscribirse no Rexistro Mercantil.
- d) As respostas B e C son correctas.

18. A sobrecarga do eixo dun camión?

- a) pode ter efectos negativos ao frear.
- b) afecta considerablemente á forza termotecnia lateral.
- c) acrecenta o efecto positivo dunha pendente ascendente.
- d) pode ter efectos positivos para controlar a velocidade.

19. No momento da freada, que pode evitar unha transferencia excesiva de masas dun eixo a outro?

- a) O peso do condutor.
- b) Soamente unha boa distribución da carga.
- c) Soamente unha boa estiba da carga.
- d) Unha boa estiba e distribución da carga.

20. Das seguintes actuacións que realiza o condutor dun camión, cal é correcta para reducir a resistencia á aceleración?

- a) Provocar aceleracións excesivas, sobre todo nos arranques.
- b) Reducir a presión dos pneumáticos.
- c) Manter a distancia de seguridade para evitar freadas bruscas.
- d) Utilizar os freos asiduamente, sobre todo en pendentes ascendentes.

21. Que tipo de transporte de mercadorías se pode realizar sen necesidade de autorización específica de transporte internacional?

- a) Todos.
- b) Liberalizado.
- c) Non liberalizado.
- d) Ningún.

22. Dos seguintes modos de transporte de mercadorías, cal é o máis relevante en España?

- a) Avión.
- b) Barco.
- c) Ferrocarril.
- d) Por estrada.

23. Que actividades son propias dun operador loxístico?

- a) Xestionar o aprovisionamento de mercadorías.
- b) Xestionar o transporte de mercadorías.
- c) Xestionar a distribución de mercadorías.
- d) Todas as respostas son correctas.

24. A quen incumbe a obrigação de presentar na aduana de destino as mercadorías incluídas nunha operación de tránsito da Unión?

- a) Ao titular do réxime de tránsito.
- b) Ao transportista que as acepte sabendo que están incluídas nunha operación de tránsito.
- c) Ao destinatario que as acepte sabendo que están incluídas nunha operación de tránsito.
- d) Todas as respostas son correctas.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 25-01-2023 16:15 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

25. Dos seguintes, que documento debería levar a bordo no caso dun transporte privado complementario de mercadorías?

- a) Factura de compra das mercadorías.
- b) CIF da empresa.
- c) Documento administrativo de control.
- d) Carta de porte.

26. Como se chama a enerxía que ten un vehículo por estar en movemento?

- a) Enerxía potencial.
- b) Enerxía calorífica.
- c) Enerxía cinética.
- d) Inercia estática.

27. Co movemento de que pezas vai sincronizado o movemento das válvulas?

- a) Co das rodas
- b) Co dos rodamentos do cigüeñal.
- c) Co do embrague
- d) Co dos pistóns.

28. Como se denomina á persoa que subscribe un seguro e que se obriga a pagar as primas?

- a) Tomador.
- b) Asegurador.
- c) Responsable.
- d) Conductor.

29. Que percepción interesa, fundamentalmente, a unha empresa de transporte no que se refire á calidade do seu servizo?

- a) A da Administración Pública.
- b) A das empresas de transporte competidoras.
- c) A dos clientes.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

30. A prevención de riscos laborais implica obrigacións no ámbito do transporte:

- a) só ao empresario.
- b) só ao traballador.
- c) ao empresario e aconsella ao traballador.
- d) ao empresario e ao traballador.

31. Nunha caixa de velocidades de 5 marchas, que se consegue coa primeira velocidade?

- a) Nesta marcha non hai desmultiplicación, igualándose as r.p.m. do motor, conseguíndose unha velocidade alta, pero pouca forza.
- b) Redúcense en gran medida as r.p.m. do motor, co que se perde en velocidade, pero gáñase en forza.
- c) Redúcense un pouco as r.p.m. do motor, o que permite alcanzar unha certa velocidade para percorridos urbanos.
- d) Nesta marcha prodúcese unha multiplicación das revolucións do motor.

32. A extracción das tarxetas de tacógrafo debe realizarse:

- a) unicamente cando o solicite o axente de control.
- b) unicamente co vehículo en movemento.
- c) co vehículo en movemento ou parado, indistintamente.
- d) unicamente co vehículo parado.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 25-01-2023 16:15 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

33. A mestura de medicamentos e alcol:

- a) é aconsellable, xa que aumenta a efectividade dos medicamentos.
- b) non ten efecto especial algún, xa que o alcol non interactúa cos medicamentos.
- c) pode producir reaccións imprevisibles e dificilmente controlables polo condutor.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

34. O tacógrafo dixital cambiará de modo de funcionamento segundo:

- a) demande o axente de control actuante.
- b) as tarxetas de tacógrafo válidas que se insiran nos dispositivos de interface.
- c) actúe o condutor sobre o conmutador de actividades.
- d) se realice un calibrado con tarxeta de empresa.

35. O bocexo, a sede ou a necesidade de ir ao baño, son sinais de perda de enerxía?

- a) Non.
- b) Só o bocexo.
- c) Si.
- d) Só a necesidade de ir ao baño.

36. O período de condución bisemanal non pode exceder de:

- a) 56 horas.
- b) 90 horas.
- c) 112 horas.
- d) 80 horas.

37. O sistema de freado ABS (antiblock brake system) é un elemento de seguridade:

- a) activa e pasiva.
- b) activa.
- c) pasiva.
- d) Non se considera elemento de seguridade ao non ser obrigatoria a súa instalación nos vehículos.

38. Que combustible está implicado nun lume de clase A?

- a) Sólidos inflamables.
- b) Líquidos inflamables.
- c) Gases inflamables.
- d) Gases comburentes.

39. Para aforrar combustible, como deben realizarse en xeral os cambios de marchas?

- a) Nos procesos de aceleración, facer o cambio da forma máis lenta posible, ata a marcha máis curta na que se poida circular.
- b) Nos procesos de aceleración, facer o cambio da forma máis lenta posible.
- c) Nos procesos de aceleración, facer o cambio da forma máis rápida posible, ata a marcha máis curta na que se poida circular.
- d) Nos procesos de aceleración, facer o cambio da forma máis rápida posible, ata a marcha máis longa na que se poida circular.

40. Para conducir nunha gama baixa de revolucións consumindo pouco carburante, que indicacións hai que seguir?

- a) A relación de arranque debe ser aquela que permita unha saída suave e practicamente sen acelerar.
- b) Circulando por pendentes ascendentes ou descendentes non é recomendable saltarse velocidades.
- c) Acelerar con rapidez para conseguir en pouco tempo o réxime de revolucións desexado.
- d) Poñer punto morto antes de utilizar o freo.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 25-01-2023 16:15 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

41. Para que a declaración amigable de accidente sexa válida, por quen ten que estar asinada?

- a) Polos condutores e as testemuñas do accidente.
- b) Polos condutores implicados no accidente.
- c) Abonda con que a firme o condutor que se declare culpable.
- d) Polos titulares dos vehículos implicados ou os seus representantes.

42. Cal é o obxectivo principal do tacógrafo?

- a) Reducir o consumo de carburante.
- b) Reducir a contaminación.
- c) Controlar de forma eficaz a normativa social no sector do transporte por estrada.
- d) Coñecer a hora de chegada das mercadorías ao destino.

43. Cal dos seguintes non é un dos riscos principais da actividade do transporte?

- a) Problemas estomacais.
- b) Illamento social, sobre todo no caso dos transportes internacionais de longa duración.
- c) Fatiga e tensión producidos polas circunstancias do tráfico.
- d) Problemas de saúde por mantemento continuado de posturas sedentarias.

44. Nos accidentes de traballo no transporte, que actividade causa problemas de circulación sanguínea con maior frecuencia?

- a) Placas de xeo en cámaras e caixas frigoríficas.
- b) Levantamento de pesos excesivos.
- c) Invasión de zonas de traballo restrinxidas.
- d) Manexo imprudente ou inexperto da maquinaria.

45. A aplicación dos coñecementos ergonómicos ao ámbito do traballo é fundamental para:

- a) a eliminación de riscos físicos.
- b) mellorar as ganancias económicas.
- c) utilizar as ferramentas con mestría.
- d) nada.

46. O tipo de esforzo requirido para o manexo da carga do vehículo inflúe no nivel de risco. Así, é máis segura a manipulación que esixa:

- a) inclinar o corpo.
- b) esforzos graduados.
- c) manter o corpo en posicións inestables durante a operación.
- d) esforzos prolongados.

47. Que actuación non é unha medida preventiva que é necesario realizar co fin de evitar un incendio?

- a) Revisar o estado dos freos.
- b) Accionar a luz de emerxencia.
- c) Revisar os extintores, situándoos en lugares facilmente accesibles.
- d) Manter en bo estado a mecánica do vehículo.

48. Cando un motor de combustión vira a altas revolucións?

- a) conséguese o máximo par motor.
- b) o enchido do cilindro é máximo.
- c) a combustión do carburante co aire é máis potente.
- d) hai moi pouco tempo para que se queime o carburante.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 25-01-2023 16:15 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

49. Un motor diésel de inxección directa respecto de un motor diésel de inxección indirecta:

- a) ten un maior consumo específico.
- b) ten un menor consumo específico.
- c) ten o mesmo consumo específico.
- d) sempre ten un menor par motor.

50. Cando un motor funciona a un réxime medio de revolucións no canto dun réxime alto de revolucións:

- a) o par motor é maior e o consumo menor.
- b) o par motor e o consumo son menores.
- c) o par motor e o consumo son maiores.
- d) o par motor é menor e o consumo maior.

51. Mentres está a chover, cal é o momento no que hai que tomar máis precaucións?

- a) Durante as primeiras pingas xa que se forma unha película sobre o pavimento, aumentando a distancia de freada.
- b) Ao final da tormenta xa que se forma unha película sobre o pavimento, aumentando a distancia de freada.
- c) Cando o pavimento está a secarse.
- d) En ningún momento.

52. En caso de avaría, é obrigatorio reparar o tacógrafo analóxico tan pronto as circunstancias o permitan?

- a) Si, tan pronto as circunstancias o permitan.
- b) Si, pero pódese reparar cando se queira.
- c) Non é obrigatorio.
- d) Si, nun máximo de cinco días desde que se avaría.

53. O consumo específico dun motor diésel é:

- a) maior que o dun motor de gasolina.
- b) igual que o dun motor de gasolina.
- c) menor que o dun motor de gasolina.
- d) menor canto maior sexa o número de revolucións.

54. Co fin de permitir a libre circulación de persoas entre os países signatarios do Acordo de Schengen, sen perturbar a orde pública:

- a) adoptouse a obrigación do visado e control en todas as fronteiras interiores.
- b) adoptáronse algunhas normas comúns nas fronteiras externas (visado, dereito de asilo e control).
- c) Non poden suprimirse os controis nas fronteiras interiores.
- d) A libre circulación de persoas non ten nada que ver con ese tratado.

55. Das seguintes opcións, cal é unha vantaxe propia dos retardadores?

- a) Axudan a evitar o sobrequecemento dos freos durante freadas prolongadas.
- b) Realizan unha función de freado adicional dos eixos.
- c) Están exentos de desgaste.
- d) Todas as respostas son correctas.

56. Cando deben colocar o disco-diagrama ou folla de rexistro os condutores?

- a) Ao comezo de cada semana de traballo, aínda que non vaian conducir.
- b) Todos os días que conduzan, a partir do momento en que tomen ao seu cargo o vehículo.
- c) Só ao comezo de cada semana de traballo, sempre que vaian conducir.
- d) Todos os días, un disco novo cada vez que se inicie a condución.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 25-01-2023 16:15 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

57. De que falamos ao referirnos á desmultiplicación dunha caixa de cambios?

- a) Ao número de velocidades.
- b) Ás revolucións do motor en relación co consumo.
- c) Á relación entre as engrenaxes que conectan a velocidade de xiro do motor e as rodas.
- d) Do total de piñóns que compoñen cada marcha.

58. Cando se fala de ralentizadores está a facerse referencia:

- a) a un tipo de freo de disco.
- b) a un mecanismo que regula o ralentí do motor.
- c) a un tipo de sistema antibloqueo de freos.
- d) ao freo eléctrico, por exemplo.

59. Que efectos produce a morfina na condución?

- a) Aumenta a seguridade.
- b) Aumenta a capacidade de reacción.
- c) Produce somnolencia.
- d) Diminúe a distancia de freada.

60. Se un condutor cambia dun vehículo a outro e ambos teñen tacógrafo analóxico, onde debe anotar a lectura do contaquilómetros do novo vehículo?

- a) No disco-diagrama ou folla de rexistro que utilizara no primeiro vehículo, se está homologado para ambos.
- b) Non é necesario anotalo.
- c) Nunha folla calquera.
- d) No parte de incidencias da xornada.

61. Os períodos nos que un condutor, que conduce en equipo, non vai conducindo e o vehículo está en movemento, como se consideran pola normativa laboral española?

- a) Tempo de presenza.
- b) Tempo doutros traballos.
- c) Tempo de espera.
- d) Tempo de descanso.

62. Cando pode levantarse unha inmovilización se se produce por unha minoración do descanso diario?

- a) Cando o estime oportuno o axente que a realiza.
- b) Cando o condutor descansase as horas regulamentarias.
- c) Non se pode inmovilizar por minoracións do descanso.
- d) Cando o comunique a empresa propietaria do vehículo.

63. Cal das seguintes afirmacións, referida á inmovilización dun vehículo nunha inspección de transporte na estrada, non é certa?

- a) A inmovilización prodúcese ata que se arranxen as causas que a provocaron.
- b) A manipulación do tacógrafo pode ser motivo de inmovilización do vehículo.
- c) A inmovilización efectuarase no lugar en que se detecte a infracción ou no lugar máis próximo que reúna as condicións requiridas.
- d) O condutor será conducido a presenza xudicial.

64. Que afecta ao consumo de carburante dun vehículo?

- a) A montaxe de freos de tambor.
- b) O tipo de ralentizador que monte o vehículo.
- c) O mantemento do vehículo, o tipo de condución que realice o condutor e o estado no que se atope o filtro do aire do sistema de alimentación.
- d) A montaxe de freos de disco.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 25-01-2023 16:15 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

65. Un adecuado mantemento do sistema de lubricación dun motor:

- a) inflúe no consumo de carburante.
- b) non inflúe no consumo de carburante.
- c) unicamente inflúe na menor deterioración das pezas.
- d) unicamente inflúe na refrixeración do motor.

66. A masa do vehículo, é un dato para ter en conta para seleccionar a relación de marchas máis adecuada?

- a) Si.
- b) Só se se trata dun vehículo pesado.
- c) Só se se trata dun vehículo lixeiro.
- d) Non.

67. Se o repousacabezas se axusta por baixo da caluga, que lesións poden agravarse en caso de accidente?

- a) Ningunha, xa que se debe axustar dese xeito.
- b) Lesións medulares.
- c) Lesións de morna.
- d) Lesións cervicais.

68. Que un automóbil monte unha caixa de velocidades con cambio manual ou con cambio automático, inflúe no consumo de carburante?

- a) Si, coas caixas de velocidades con cambio automático o consumo é maior.
- b) Si, coas caixas de velocidades con cambio automático o consumo é menor.
- c) Se a velocidade é a mesma, non inflúe.
- d) Se o estilo de conducir é o mesmo, non inflúe.

69. Salvo pacto previo entre as partes, a competencia das Xuntas Arbitrais do Transporte virá determinada por:

- a) o domicilio do demandante en todo caso, sempre que este teña fixada a súa residencia en territorio español ou da Unión Europea.
- b) o domicilio do demandado en todo caso, sempre que este teña fixada a súa residencia en territorio español ou da Unión Europea.
- c) a elección libre do demandante.
- d) o lugar de orixe ou destino do transporte ou o de celebración do correspondente contrato.

70. O consumo de carburante dun vehículo pesado pode ser maior do normal dependendo:

- a) do material do que estea construída a carrocería.
- b) do mantemento que se realice ao vehículo, o perfil da estrada e a posición do pedal do acelerador.
- c) do poder calorífico da octanaxe do gasoil.
- d) da montaxe de freos de tambor.

71. Que pode provocar a folgura excesiva do cinto de seguridade?

- a) Que o corpo non se desprace por encima do cinto.
- b) Que o corpo non se desprace por baixo do cinto.
- c) Que o corpo se desprace por baixo do cinto.
- d) Unha maior seguridade para o usuario.

72. En termos relativos, que nivel de sinistralidade teñen os condutores profesionais?

- a) Elevado, debido á pouca experiencia dos condutores.
- b) Elevado, a pesar da experiencia dos condutores.
- c) Baixo, a pesar da pouca experiencia dos condutores.
- d) Baixo, debido á experiencia dos condutores.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 25-01-2023 16:15 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

73. Que medidas se deben tomar en caso de producirse un accidente?

- a) Non solicitar axudas.
- b) Restablecer, na medida do posible, a seguridade da circulación.
- c) Adoptar medidas que favorezan a creación de perigos.
- d) Ningunha, xa que diso encárganse as forzas de seguridade.

74. Que obrigacións de prevención de riscos laborais ten o traballador?

- a) Evitar riscos inevitables.
- b) Utilizar os equipos de protección.
- c) Formar e informar.
- d) Adoptar medidas de protección.

75. En caso de condicións meteorolóxicas adversas por neve, que se recomenda facer se o nivel de circulación é negro?

- a) Continuar a marcha.
- b) Abandonar o vehículo en todo caso.
- c) Non abandonar o vehículo se non se está seguro de atopar un refuxio.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

76. En que momento está obrigado o condutor a levar consigo a tarxeta de cualificación profesional?

- a) Sempre.
- b) Nunca.
- c) Cando conduza o vehículo.
- d) Cando se atope nas instalacións da empresa.

77. Das seguintes opcións, cal é unha medida de aforro de carburante equivocada?

- a) Aproveitar a inercia do vehículo.
- b) Deixar de acelerar con suficiente antelación.
- c) Non investir no mantemento do vehículo.
- d) Observar as revolucións do motor para decidir o momento no que se debe cambiar de marcha.

78. A utilización do contarrevolucións dun vehículo pesado por parte do seu condutor, permite a redución do consumo de carburante?

- a) Si, xa que, se se manteñen as revolucións dentro da zona marcada xeralmente de verde, o consumo é menor.
- b) Si, xa que, se se manteñen as revolucións fóra da zona marcada xeralmente de verde, o consumo é menor.
- c) Non, o contarrevolucións só serve para non superar o número de revolucións máximo previsto para o motor.
- d) Non, o contarrevolucións só serve para reducir a deterioración mecánica do motor.

79. No caso de que sexa necesario, as cadeas para neve deberán colocarse, polo menos:

- a) nas rodas directrices.
- b) unha a cada lado do mesmo eixo motor.
- c) nas rodas que soporten máis carga.
- d) nas rodas que soporten menos carga.

80. Cales son as resistencias que interveñen no movemento dun vehículo?

- a) A resistencia aerodinámica, a resistencia á rodadura, a termorresistencia e a resistencia á pendente.
- b) A resistencia aerodinámica, a resistencia á rodadura e a termorresistencia.
- c) A resistencia aerodinámica, a termorresistencia e a resistencia á pendente.
- d) A resistencia aerodinámica, a resistencia á rodadura e a resistencia á pendente.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 25-01-2023 16:15 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

81. Se para quentar o motor do seu vehículo se dan fortes aceleróns, é unha actuación correcta?

- a) Si, porque limpa o tubo de escape de residuos.
- b) Si, porque a maior cantidade de combustible limpa rapidamente as paredes dos cilindros.
- c) Non, porque aumenta o consumo de combustible e pode danar os cilindros cuxas paredes están case sen aceite.
- d) Si, sobre todo no inverno.

82. Se se conduce un vehículo moi cargado, débese ter en conta que:

- a) o consumo do vehículo non se ve afectado.
- b) a aceleración e a distancia de freado será menor.
- c) aumentará o consumo de carburante.
- d) a distancia de detención do vehículo será menor.

83. Para aforrar no consumo de carburante, é conveniente no verán aumentar a presión de inflado dos pneumáticos?

- a) Non, o conveniente é reducila.
- b) Non, a presión non se debe variar no verán, só se debe variar no inverno.
- c) Non, a presión non se debe variar no verán nin no inverno.
- d) Si.

84. Para facer unha condución eficiente e reducir o consumo de carburante, é conveniente:

- a) reducir a distancia de seguridade xa que, desta maneira, os obstáculos ven antes.
- b) aumentar a distancia de seguridade co fin de ter máis tempo para reaccionar.
- c) utilizar relacións de marchas curtas.
- d) acelerar cando se arrinca.

85. Conducindo un vehículo pesado e co motor funcionando á temperatura adecuada, o consumo de carburante depende, entre outros factores,:

- a) da octanaxe do gasóleo.
- b) da posición de condutor.
- c) da variación da relación de compresión segundo as revolucións do motor.
- d) do estilo de condución.

86. Se traballando de pé debemos inclinarnos, cal será a mellor postura para previr riscos físicos?

- a) Conservando os xeonllos ríxidos e flexionando a columna vertebral.
- b) Conservando a columna vertebral recta e flexionando os xeonllos.
- c) Flexionando a columna vertebral e os xeonllos.
- d) Curvando a columna vertebral e mantendo ríxida a cadeira.

87. Entre os factores que afectan o consumo de carburante dun automóbil atópase:

- a) a montaxe de freos de tambor.
- b) o mantemento do vehículo, a relación de marchas seleccionada na caixa de velocidades e o estado no que se atope o filtro do aire do sistema de alimentación.
- c) o material do que estea construída a carrocería.
- d) o sistema de mando da distribución: por correa dentada ou por cadea.

88. Os rexistros da distancia percorrida, a velocidade do vehículo e da apertura da caixa que contén a folla de rexistro, son automáticos?

- a) Non.
- b) Non, só o rexistro da distancia percorrida.
- c) Non, só o rexistro da apertura da caixa.
- d) Si.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 25-01-2023 16:15 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

89. A utilización dunha relación de marchas alta e a redución das revolucións por minuto do motor dun vehículo pesado, permite reducir o consumo de carburante?

- a) Si.
- b) Si, utilizar unha relación de marchas alta, pero non a redución das revolucións por minuto do motor.
- c) Si, reducir as revolucións por minuto do motor, pero non o utilizar unha relación de marchas máis alta.
- d) Non.

90. Que vantaxes presenta conducir utilizando a relación de marchas máis alta que sexa posible dependendo da velocidade á que se circule?

- a) Aumentar o coeficiente aerodinámico do vehículo e prolongar a vida do motor.
- b) Non ter que comprobar o nivel do aceite motor xa que conducir desta maneira fai que o consumo de aceite sexa nulo.
- c) Aumentar a frecuencia da inspección técnica periódica e reducir os prazos de mantemento do vehículo.
- d) Menor consumo e desgaste mecánico.

91. O condutor dun vehículo, como pode proceder para que o motor lle entregue a potencia necesaria?

- a) Axustando a posición do pedal do acelerador, soamente.
- b) Seleccionando a marcha apropiada da caixa de velocidades, soamente.
- c) Axustando a posición do pedal do acelerador e seleccionando a marcha apropiada.
- d) Axustando a posición do pedal do acelerador, seleccionando a marcha apropiada e regulando o consumo de combustible.

92. O freo eléctrico?

- a) actúa mantendo as revolucións da transmisión nun réxime determinado.
- b) utiliza un aceite especial para realizar a función de freado.
- c) actúa sobre as pastillas de freo.
- d) actúa sobre as zapatas de freo.

93. En que tipo de vehículos se usan os retardadores chamados retarder"?"

- a) En turismos.
- b) En motocicletas.
- c) En vehículos pesados.
- d) En vehículos lixeiros.

94. Existe propensión á aparición de xeo en:

- a) zonas sombrías.
- b) curvas pechadas.
- c) rectas con forte vento.
- d) proximidades de gasoleiras.

95. Quen comunica aos servizos encargados da elaboración da estatística os datos relativos a un accidente de circulación?

- a) A Dirección Xeral de Tráfico.
- b) Os axentes da autoridade encargados da vixilancia e o control do tráfico.
- c) A Comunidade Autónoma correspondente.
- d) A Xefatura Provincial de Tráfico correspondente.

96. Que debe facerse ante un vehículo que circula uns cuantos vehículos por diante e que comeza a frear?

- a) Frear suave, pero inmediatamente.
- b) Reducir inmediatamente a marcha.
- c) Levantar o pé do acelerador.
- d) Póñer o vehículo en punto morto.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 25-01-2023 16:15 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

97. Que sanción se impón pola comisión dunha infracción grave das normas relativas ao tacógrafo ou aos tempos de condución e descanso?

- a) De 401 a 1.000 euros.
- b) De 601 a 2.000 euros.
- c) De 801 a 3.000 euros.
- d) De 1.001 a 2.000 euros.

98. O protocolo de actuación ante emerxencias que se desenvolve nas fases de protexer, avisar e socorrer coñécese como:

- a) Protocolo médico.
- b) Protocolo de intervención.
- c) PAE.
- d) PAS.

99. É unha norma de uso dos extintores:

- a) Comprobar, antes de utilizalo, que o axente extintor é adecuado ao tipo de lume.
- b) Utilizalo rapidamente sen comprobar nada, pois calquera extintor é útil nun incendio.
- c) Colocarse de cara ao vento cando se vaia a utilizar.
- d) As respostas B e C son correctas.

100. A conduta dun condutor que pon en risco a vida doutros usuarios de modo intencionado, en resposta a unha disputa de tráfico, cualifícase como:

- a) condución defensiva.
- b) condución arriscada.
- c) condución agresiva.
- d) condución eficiente.

Preguntas de reserva (Só se corrixirán se o tribunal anula algunha das anteriores)

101. Como actúa a forza de freado nun camiión?

- a) Actúa paralela á forza motriz.
- b) Actúa perpendicular á forza motriz.
- c) Actúa en contra da forza motriz.
- d) Actúa a favor da forza motriz.

102. Ordene os motores de maior a menor consumo específico.

- a) Diésel de inxección directa, diésel de inxección indirecta, gasolina de inxección directa e gasolina de inxección indirecta.
- b) Gasolina de inxección indirecta, gasolina de inxección directa, diésel de inxección indirecta e diésel de inxección directa.
- c) Diésel de inxección directa, gasolina de inxección directa, diésel de inxección indirecta e gasolina de inxección indirecta.
- d) Diésel de inxección indirecta, diésel de inxección directa, gasolina de inxección directa e gasolina de inxección indirecta.

103. Segundo a normativa estatal, que caracteriza aos itinerarios de interese xeral?

- a) Servir de acceso aos principais postos fronteirizos.
- b) Formar parte dos principais itinerarios de tráfico internacional.
- c) Enlazar as Comunidades Autónomas, conectando os principais núcleos de poboación.
- d) Todas as respostas son correctas.

EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Examen: Mercancías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

Fecha: 25-01-2023 16:15 h
Lugar: RUA DE MADRID, 2

97. ¿Qué sanción se impone por la comisión de una infracción grave de las normas relativas al tacógrafo o a los tiempos de conducción y descanso?

- a) De 401 a 1.000 euros.
- b) De 601 a 2.000 euros.
- c) De 801 a 3.000 euros.
- d) De 1.001 a 2.000 euros.

98. El protocolo de actuación ante emergencias que se desarrolla en las fases de proteger, avisar y socorrer se conoce como:

- a) Protocolo médico.
- b) Protocolo de intervención.
- c) PAE.
- d) PAS.

99. Es una norma de uso de los extintores:

- a) Comprobar, antes de utilizarlo, que el agente extintor es adecuado al tipo de fuego.
- b) Utilizarlo rápidamente sin comprobar nada, pues cualquier extintor es útil en un incendio.
- c) Colocarse de cara al viento cuando se vaya a utilizar.
- d) Las respuestas B y C son correctas.

100. La conducta de un conductor que pone en riesgo la vida de otros usuarios de modo intencionado, en respuesta a una disputa de tráfico, se califica como:

- a) conducción defensiva.
- b) conducción arriesgada.
- c) conducción agresiva.
- d) conducción eficiente.

Preguntas de reserva (Solo se corregirán si el tribunal anula alguna de las anteriores)

101. ¿Cómo actúa la fuerza de frenado en un camión?

- a) Actúa paralela a la fuerza motriz.
- b) Actúa perpendicular a la fuerza motriz.
- c) Actúa en contra de la fuerza motriz.
- d) Actúa a favor de la fuerza motriz.

102. Ordene los motores de mayor a menor consumo específico.

- a) Diésel de inyección directa, diésel de inyección indirecta, gasolina de inyección directa y gasolina de inyección indirecta.
- b) Gasolina de inyección indirecta, gasolina de inyección directa, diésel de inyección indirecta y diésel de inyección directa.
- c) Diésel de inyección directa, gasolina de inyección directa, diésel de inyección indirecta y gasolina de inyección indirecta.
- d) Diésel de inyección indirecta, diésel de inyección directa, gasolina de inyección directa y gasolina de inyección indirecta.

103. Según la normativa estatal, ¿qué caracteriza a los itinerarios de interés general?

- a) Servir de acceso a los principales puestos fronterizos.
- b) Formar parte de los principales itinerarios de tráfico internacional.
- c) Enlazar las Comunidades Autónomas, conectando los principales núcleos de población.
- d) Todas las respuestas son correctas.

EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Examen: Mercancías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

Fecha: 25-01-2023 16:15 h

Lugar: RUA DE MADRID, 2

